

Como facerse socio/a do ANPA. NOVA SISTEMÁTICA

Na última asemblea celebrada o 17 xuño pasado, aprobouse por unanimidade dos presentes a seguinte resolución:

- A cota anual da ANPA para o curso 2010-2011, será de 10€ por familia (2€ menos que ata agora)
- prazo para poder inscribirse comezará o 1 de xuño e rematará 15 de novembro.
- O pago de cota farase mediante ingreso na conta bancaria do ANPA.

En base a isto a xunta directiva do ANPA elaborou un novo formato (que se fixo chegar a todas as familias dende o colexio) que se pode descargar dende o blog do ANPA ou ben solicitar na secretaría do colexio.

Na propia folla de inscrición describe o procedemento a seguir para poder ser dado de ALTA como socio.

Vantaxes

Os socio/as da ANPA, poderán facer uso do comedor e/ou madrugadores en calquera momento do curso e estarán cubertos polo seguro de responsabilidade social do ANPA, ademais de descontos nas actividades levadas a cabo dende o ANPA.

A TER EN CONTA

As familias, que despois do 15 de novembro, non sexan socias do ANPA, poderán disfrutar igualmente das actividades que esta ofrezca, pero o seu custe será maior á dos socios.

As familias non socias que queiran usar os servizos de comedor e madrugadores, terán que abonar unha matrícula previa de 20€ antes de facer uso del, ademais do custo do comedor / madrugadores propiamente dito. Para elo deberá cubrir unha folla de inscrición de comedor para non socios que lle deberán solicitar ao responsable da empresa do comedor no colexio ou ben descargala do blog do ANPA.

Resumo temas tratados no último Consello Escolar (09-09-10)

Nº de aulas = 39 (12 infantil, 27 en primaria+ desdobres)

Nº de alumnos = 905; Nº profesores = 62

Unificación de actividades por ciclos para as aulas de "Alternativa a Relixión" en Educación Primaria.

Modificacións horario: Lectura silenciosa (9 - 9:15) e recreo (11.45-12.20)

Protocolo de mobilidade: En Educación Primaria os días de choiva sairán ao patio cuberto 1º, 2º e 3º. Quedarán nas aulas ou na biblioteca 4º, 5º e 6º. Dotaranse estas aulas con xogos de mesa e os profesores de garda de patio exterior farana nos corredores. En Educación Infantil está en estudo as zonas a utilizar nestes días de choiva (usos múltiples, entrada cuberta, patio cuberto)

Protocolo de alerta médica: Todos os pais/nais deberán cubrir un formulario de alerta médica e documentación sanitaria.

Protocolo de supervisión das actividades extraescolares: Os profesores de garda faranse cargo dos rapaces se faltan os monitores.

Control do alumnado que utiliza o transporte: Haberá quendas de supervisión de dous profesores presentes a partir das 8.30h.

Días non lectivos: 11 de outubro e 16 de maio

Elaboración e comunicación de normas para pais e nais

No apartado de obras:

- Patio cuberto: Substitución parcial, limpeza e pintado do tellado. Substitución de portas de madeira e pintado das paredes. O revestimento das columnas queda como está por agora e intentarase cambiar a parte deteriorada máis adiante.
- Cortáronse as plantas que ocupaba os patios interiores que hai entre as aulas e que impedían a entrada de luz natural. O Concello comprometeuse a acondicionar estes espazos (botando terra e plantando) nas vacacións de Nadal.
- Substituír os paneis opacos por outros de cristal na portas novas que dan ao patio interior e ao patio exterior.
- Acondicionouse espazo exterior pavillón que estaba sen cementar.

Comezo das Actividades Extraescolares

ADC

Vales Villamarín

O pasado 29 de setembro tivo lugar a Asemblea anual da Agrupación Deportiva e Cultural Vales Villamarín, cunha moi alta participación dos socios/as, o cal demostra a importancia que teñen estas actividades para as nais e pais deste colexio.

Ademais da aprobación das contas e da xestión da actual xunta directiva, caben destacar os seguintes temas:

Mantense o prezo total da 1ª actividade e rebaixase en 5€ o prezo das outras actividades ás que asistan os nenos/as.

Sobre as actividades ofertadas en xuño, non se puideron levar a cabo: Psicomotricidade, Fútbol Sala (10-12 anos) e Taller de Percusión. As dúas primeiras por non haber suficientes nenos/as apuntados e a última por non dispor dun monitor adecuado. Excepcionalmente, todos os nenos/as do Taller de Percusión, incluídos os de 7 anos, poderán incorporarse na Banda de Música se así o desexan. O resto dos nenos/as que quedaron sen praza poderán anotarse nas outras actividades enmarcadas dentro da súa idade.

A información sobre a forma de pago das actividades será repartida polos monitores ao comezo das mesmas, nos primeiros días de outubro.

Aqueles familias que non estean ao día no pago das actividades extraescolares, correspondentes ao curso anterior (2009-2010), deberán proceder ao abono da mesmas, no caso contrario os seus nenos non poderán asistir as actividades desde curso (2010-2011).

Por último resaltar que o Concello de Betanzos aportou, con data 27 de setembro, a cantidade comprometida coa ADC en marzo deste ano, un retraso preocupante que case leva á suspensión das actividades extraescolares.

MARCADOR CESION TERREOS

ANOS

3

MESES

7

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.



Mestres NAAE (necesidades atención educativa específica) no Vales Villamarín

O valedor volveu a comunicar, a 7 de setembro, que a Xunta de Galicia aínda non contestou a todas as cuestións demandadas e solicitadas reiteradamente.

Certame FERTIBERIA de Pintura Rural Infantil



Poderán participar tódolos nenos e nenas que no curso escolar 2010-2011 cursen 1º, 2º, 3º ó 4º de primaria.

Os temas das obras deben ter relación co medio agrícola (a vida nel, a súa conservación, o crecemento das plantas, os cultivos, etc.) Os principais premios establecidos son:

- Beca de estudos de 6.000 euros para o 1º premio
- Beca de estudos de 3.000 euros para o 2º premio.
- Beca de estudos de 2.500 euros para o 3º premio.
- Beca de estudos de 2.000 euros para o 4º e 5º premio.
- Outros

O ANPA e o colexio encargaranse de orientar e coordinar a recollida dos traballos antes de rematar o mes de Outubro.

(As bases do concurso estarán expostas nas portas do colexio)

Asemblea ANPA (22 outubro)

Primeira convocatoria⁽¹⁾: 19:30
Segunda convocatoria⁽²⁾: 20:00
Lugar: Salón de actos do colexio

- Orde do día -

- Lectura e aprobación do acta anterior.
- Situación das reclamacións xurdidas dende a última asemblea.
- Reorganización da xunta directiva. Altas e baixas.
- Estado de contas. Aprobación se procede.
- Novo sistema de cotas de socio.
- Xestión do Comedor e Madrugadores.
- Axendas escolares.
- Situación actual do centro
- Plan de autoprotección. Simulacros de evacuación.
- Situación das escolas infantís (0-3 anos e 3-6 anos).
- Programación para o vindeiro curso.
- Suxestións e preguntas.

⁽¹⁾ **Primeira convocatoria:** Dará comezo a asemblea se asisten a ela a maioría dos asociados.

⁽²⁾ **Segunda convocatoria:** Dará comezo a asemblea, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Asemblea con actividades para nenos/as



Co fin de facilitar a asistencia das nais/pais á próxima asemblea do ANPA que se celebrará no colexio o venres, 22 de outubro ás 20:00, a xunta directiva organizará actividades para os nenos e nenas, cuxas nais / pais queiran asistir á dita asemblea.

Boletín para os pais/nais

outubro 2010

Encontra no interior 10 razóns para pertencer a unha ANPA



Asemblea inicio curso
para todas as nais/pais
venres 22 de outubro
ás 20:00
no Salón de Actos do Colexio

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

ANPA Brigantium